



A Federación Galega de Patinaxe (en diante FGP), a través do Comité de Patinaxe Artística, comunica aos seus afiliados o seguinte:

**1.- Cambios no calendario de competicións.**

Realízanse os seguintes cambios no calendario de competicións previsto para a tempada 2015:

**1.1.-** O Campionato Provincial de Libre e Parellas das Categorías Cadete a Senior celebrarase o día 9 de maio (en lugar do 2 de maio, como estaba previsto), organizado polo CP Compostela, na provincia de A Coruña e polo CP Gondomar, na provincia de Pontevedra.

**1.2.-** A II Fase de 2ª Categoría celebrarase o día 2 de maio (en lugar do 9 de maio, como estaba previsto), organizado polo clube CPA Vagalume.

Os cambios efectuados nos subapartados previos responden á organización da tecnificación para os patinadores de 1ª Categoría durante a fin de semana do 2 e 3 de maio, coa presenza do adestrador italiano Paolo Colombo. Próximamente sairán as convocatorias e horarios ao respecto.

**1.3.-** A Fase Provincial de Deporte Escolar da provincia de Lugo celebrarase o día 26 de abril en Xove, por decisión do responsable do Servizo de Deporte Escolar da provincia de Lugo; en lugar de celebrarse o 10 de maio como estaba aprobado pola FGP cando se fixou o calendario a finais do pasado ano.